Prórroga do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo, para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino nas urbanización dos Tilos

REUNIDOS:

Don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deporte, en nome e representación da Xunta de Galicia, segundo designación efectuada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia (publicado no Diario Oficial de Galicia número 73, do 14 de abril de 2024), e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Dona Goretti Sanmartín Rei, alcaldesa de Santiago de Compostela, segundo o nomeamento acordado no Pleno municipal do día 17 de xuño de 2023, e en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, regulador das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Dona Lucía Calvo de la Uz, alcaldesa de Teo, segundo nomeamento acordado no Pleno municipal do día 17 de xuño de 2023, e en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense competencia no concepto no que respectivamente interveñen e con capacidade legal para formalizar esta prórroga do convenio de colaboración, e para ese efecto

EXPOÑEN:

Primeiro.- O 1 de outubro de 2020, a entón Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo, asinaron un convenio de colaboración para habilitar ao transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela a estender os seus servizos á urbanización dos Tilos, situada fóra do seu termo municipal, consonte co que se establece no dito convenio.

Segundo.- A cláusula terceira -Vixencia- establece que o dito convenio terá vixencia por catro anos a contar dende a súa formalización, mais tamén prevé que *en calquera momento antes da finalización do indicado prazo, as administracións participantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais mediante acordo da Comisión de Seguimento, ou a súa extinción.*

Valorando os positivos efectos que para as persoas usuarias presenta a actuación obxecto do presente convenio, as partes estiman conveniente proceder á prórroga do mesmo, por catro anos adicionais, ata o 30 de setembro de 2028.

CVE: dr0DSbsDZ2h8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

De conformidade con todo o exposto, é vontade das partes relacionadas no encabezamento aprobar esta prórroga, consonte coas seguintes condicións,

PRIMEIRA.- Prórroga da vixencia do convenio de colaboración

Prorrógase a vixencia do Convenio de colaboración formalizado o 1 de outubro de 2020 entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo, para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos, nos termos nos que foi redactado, por catro anos adicionais, ata o 30 de setembro de 2028. Non obstante, calquera das partes poderán desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima dun ano.

SEGUNDA.- No non establecido expresamente neste acordo de prórroga, resultarán de plena aplicación as cláusulas e disposicións do convenio formalizado o 1 de outubro de 2020.

E para que conste, e en proba de conformidade, os comparecentes asinan esta prórroga de convenio na data da sinatura electrónica.

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso

A alcaldesa de Santiago de Compostela

Dona Goretti Sanmartín Rei

A alcaldesa de Teo

Dona Lucía Calvo de la Uz

Asinado por: SANMARTIN REI, GORETTI
Cargo: Alcaldesa (Concello de Santiago de Compostela)
Data e hora: 20/09/2024 11:11:43

Asinado por: CALVO DE LA UZ, LUCÍA
Cargo: Alcaldesa (Concello de Teo)
Data e hora: 20/09/2024 09:35:58

Asinado por: CALVO POUSO, DIEGO
Cargo: Conselleiro
Data e hora: 20/09/2024 12:53:25

CVE: dr0DSbsDZ2h8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve